

Elabora unha composición explicando as causas e as características da evolución económica despois da Primeira Guerra Mundial e ata a recesión económica de 1929. Usa correctamente na túa argumentación os datos extraídos dos documentos que xuntamos e salienta as seguintes cuestións:

- As reparacións de guerra: a súa pegada na economía de Francia e Alemania.
- os sectores económicos emerxentes, a especulación e o consumismo.
- As causas e as características do crack bursátil de 1929.
- A súas consecuencias económicas, políticas e sociais para Estados Unidos, Europa e o resto do mundo.
- As novas políticas económicas: a intervención estatal na economía en Estados Unidos, a Unión Soviética, Italia e Alemania¹.
- Representa gráficamente os datos dos doctos. 1 e 2 e extrae conclusións.

Docto 1: número de parados a fins de marzo entre 1929 e 1933 (en milleiros)					
	1929	1930	1931	1932	1933
EE.UU	2.964	6.403	10.477	13.359	-
Gran Bretaña	1.204	1.694	2.666	2.660	2.821
Alemania	2.484	3.041	4.744	6.034	5.599
Francia	9	14	72	347	356


Docto 2: O ascenso electoral do NSDAP (nazis)			Docto 3: Winston Churchill describe a crise de 1929: “Todo se desplomou ó mesmo tempo. As grandes fábricas caeron nun estado de confusión e de parálise... As consecuencias da desarticulación da vida económica foron mundiais... O goberno de Gran Bretaña atopouse con que os parados pasaron dun millón a tres entre 1930 e 1931. En Estados Unidos parece que chegou a haber un total de dez millóns de desempregados. Todo o sistema bancario americano afundiuse na confusión. Como consecuencia delo, novos desastres caeron sobre Alemaña e outros países europeos”
Ano	Nº. de escanos	Nº de parados	
1929	12	2.484.000	
1930	107	3.041.000	
1932	230	6.034.000	
1938	-	429.000	

Doctos 4 e 5: imaxes fotográficas das consecuencias da recesión económica



¹ Para comparar as características e as consecuencias destas políticas neses catro estados debes consultar os apartados correspondentes nos temas dedicados, respectivamente, á revolución soviética e aos fascismos.

LOS MECANISMOS DE ACTUACIÓN DEL KEYNESIANISMO



2ª. Elabora unha composición sobre a evolución da sociedade europea e estadounidense durante os felices anos vinte e os trinta. Utiliza na túa argumentación os datos extraídos dos documentos que xuntamos e salienta as seguintes cuestións: o consumismo, a cultura de masas e a liberación das mulleres.

